

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E ARTEFÍOS, ASOCIACIÓN PARA A INCLUSIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL, PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E DE PREVENCIÓN E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA DESTINADO ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADE, NO EXERCICIO 2022

Lugar e data da sinatura dixital

### REUNIDOS

#### Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social e Xuventude, nomeada polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, e o establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

#### Doutra parte:

Dona Manuela Guillermina Rodríguez Rodríguez, con DNI 76305488K, presidenta da asociación, polo acordo da Asemblea Xeral de data 28/05/2019, que actúa en nome e representación de **Artefíos, Asociación para a Inclusión de Persoas con Discapacidade Intelectual (en adiante Artefíos)**, con NIF G15226202, de acordo co previsto no artigo 21 dos seus estatutos, como consta no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para que no nome das entidades que representan teñen conferidas

### EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial



outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

**III.** De conformidade co artigo 9 e a disposición transitoria segunda do Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, a Consellería de Política Social e Xuventude é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde o exercicio das competencias en materia de asistencia social e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, ao abeiro do Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude.

**IV.** Que Artefíos, entidade de natureza asociativa figura inscrita no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia, con número 2003/006520-1, e ten como obxectivo fundamental a inclusión social e laboral das persoas con discapacidade intelectual.

A entidade figura recoñecida e inscrita como entidade de iniciativa social no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería con competencias en materia de benestar social co número E-0113.

Artefíos atende as necesidades de persoas con discapacidade intelectual, nos ámbitos laboral, social e persoal, a través dun centro ocupacional, para facilitar o seu desenvolvemento nun ambiente de confianza e respecto.

**V.** Actualmente faise preciso establecer medidas orientadas á prevención da situación de dependencia e promoción da autonomía persoal das persoas con discapacidade intelectual e as súas familias, mediante unha atención integral personalizada.

Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social e Xuventude subscribir un convenio de colaboración coa entidade Artefíos, para o financiamento dos gastos derivados da execución dun programas de promoción da autonomía persoal e de prevención e atención á dependencia destinados ás persoas con discapacidade intelectual.

**VI.** Que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a axuda financeira recollida o presente convenio terá a condición de subvención directa, xa que Artefíos presta apoio a persoas de entre 18 e 60 anos, con discapacidade intelectual e



con necesidades de apoio límite e intermitente. O obxectivo principal é alcanzar un mellor axuste persoal, social e laboral que favoreza a súa integración na vida comunitaria.

Tendo en conta a actual situación sanitaria, faise preciso o desenvolvemento dun proxecto de actividades acorde coas necesidades das persoas usuarias do centro no contexto epidemiolóxico actual. A todos os cambios que sufriron no seu día a día para adaptarse á situación hai que engadir as restricións sufridas. Trátase dun proxecto de talleres formativos, co obxecto de manter aprendizaxes, fomentar a colaboración e o traballo en equipo e favorecer o mantemento de habilidades que favorecen a súa autonomía.

**VII.** Que o presente convenio realízase ó abeiro do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, desenvolvida polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e terá carácter de subvención de concesión directa por mor do seu carácter singular. A especificade vén determinada pola exclusividade do proxecto deseñado para a súa implantación exclusiva no centro. Por esta razón, Artefíos é a única entidade que, por ser á única coñecedora das necesidades individualizadas das persoas usuarias do seu centro e atendendo ás posibilidades de mellora dos mesmos, pode integrar na actividade diaria do dito centro as actuacións a subvencionar a través deste convenio, o que dificulta a súa convocatoria pública. Polo tanto, tendo en conta que ningunha outra entidade podería desenvolver un programa adaptado aos usuarios específicos por precisar integrarse na organización do propio centro e atendendo as particularidades do programa a desenvolver, considéranse razóns que xustifican a singularidade do programa. As razóns de interese público, social e humanitario neste caso, no que o interese prioritario é o mantemento das persoas usuarias no centro, xa que o centro constitúe unha auténtica referencia vital para as persoas con discapacidade usuarias del, polo que debe asegurarse a estabilidade e continuidade dos servizos. Esta excepcionalidade ao réxime de concorrencia competitiva establécese igualmente no artigo 31 da Lei 13/2008 do 3 de decembro.

Así mesmo, as actuacións a subvencionar a través deste convenio, recollidas na súa cláusula segunda, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Xuventude previsto no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, na área específica da Dirección Xeral con competencias en materia de discapacidade, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención.



Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

## **ACORDAN**

Subscribir un convenio de colaboración para levar a cabo un programa de promoción da autonomía persoal e de prevención e atención á dependencia destinados ás persoas con discapacidade

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA: Obxecto**

O obxecto do presente convenio é o financiamento dos gastos derivados da execución dun programa de promoción da autonomía persoal e de prevención e atención á dependencia destinados ás persoas con discapacidade intelectual que desenvolve Artefíos.

O obxectivo xeral é implementar un programa que permita a inclusión social e laboral das persoas con discapacidade intelectual funcional a través da realización de talleres formativos, xa que debido a situación sanitaria orixinada pola COVID 19, produciuse unha alteración na convivencia entre os propios usuarios e tamén na relación coas súas familias.

### **SEGUNDA: Actuacións subvencionables**

Realizaranse tres obradoiros formativos, nos que grupos pechados van rotando semanalmente:

- a) Obradoiro téxtil, enfocado na aprendizaxe de ferramentas e técnicas de tecedura con teares tradicionais.
- b) Obradoiro de xoiería, no que se levan a cabo actividades de deseño, aprendizaxe de xemoloxía e emprego de máquinas e ferramentas de xoiería.
- c) Obradoiro formativo, co obxecto de reforzar as habilidades académicas, favorecer a colaboración e o traballo en equipo, e o mantemento de habilidades que melloran a autonomía dos usuarios, entre outras.

### **TERCEIRA: Orzamento**

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións a subvencionar no marco deste convenio é de 7.169,00€.

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería



de Política Social e Xuventude achegará **sete mil cento sesenta e nove euros (7.169,00€)** que serán imputados á aplicación orzamentaria 13.04.312E.481.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

#### **CUARTA: Obrigas da entidade**

1. Artefios deberá cumprir todas as obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e deberá cumprir todos os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiaria previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Sen prexuízo de todo o anterior, tamén deberá cumprir as obrigas seguintes:

a) Realizar e acreditar as actividades do programa que fundamentan a concesión da subvención, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e no disposto no instrumento de concesión.

b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, Consellería de Política Social e Xuventude, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Comunicarlle á entidade concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos no marco deste convenio coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.



f) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

g) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do programa e nos lugares onde estas se realicen "subvencionado pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Xuventude" co seu respectivo logotipo

h) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

2. Así mesmo, a entidade deberá cumprir a obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

#### **QUINTA: Obrigas e documentación**

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria presentará, no suposto de oposición expresa á comprobación pola Administración, tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actividades a desenvolver, a seguinte documentación:

a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo programa, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.

b) Declaración responsable, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

#### **SEXTA: Compatibilidade con outras axudas**

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en



concorrenza con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

### **SÉTIMA: Forma de pagamento**

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria nas seguintes condicións:

- a) Efectuarase un pagamento do 80% da totalidade da subvención concedida, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio
- b) O 20% restante farase efectivo unha vez rematadas e xustificadas tódalas actividades do convenio e achegando a documentación indicada na cláusula oitava.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte do interesado, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, se é o caso.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

### **OITAVA: Gastos subvencionables**

Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

En consideración ao obxecto do convenio ten carácter subvencionable o gasto de persoal adscrito á execución do convenio, así como o gasto corrente directamente relacionado coa actividade subvencionada.

### **NOVENA: Xustificación**



Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o **10 de decembro de 2022**.

Así mesmo, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo beneficiario. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibín da persoa provedora. Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibín da persoa provedora.

Coa xustificación final do convenio ou, en todo caso, ao remate deste, de acordo co artigo 51 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, deberá presentar:

a) Un informe-memoria detallado de cada unha das accións levadas a cabo e/ou as actividades realizadas ao abeiro do programa a subvencionar por deste convenio.

b) Tendo en consideración que maioritariamente o gasto imputable é de persoal, conforme ao establecido no orzamento do programa, deberá de concretarse ao efectos da súa xustificación e referida á mensuralidade ou mensuralidades polas que se solicita a seguinte documentación:

1º. Relación nominal das persoas traballadoras que se inclúen como xustificación do programa subvencionado.

2º. Recibos de salarios.

3º. Documentos TC2 e TC1 das persoas traballadoras correspondentes ao meses imputados.

4º. Impresos de liquidación nominal do IRPF (modelos 111 e 190).

c) Certificación do órgano competente relativa a que as achegas da Consellería de Política Social e Xuventude foron destinadas aos fins para os que foron concedidas.

d) Unha declaración responsable de non ter recibido outras axudas para as actividades obxecto do programa a subvencionar a través deste convenio ou, de percibilas, detalle



doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia.

e) Unha certificación expedida e asinada polo órgano competente da entidade, dos gastos realizados que incluírá a relación das facturas e xustificantes dos gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, o número e data da factura, o concepto, o importe e a data de pagamento xunto coa achega dos xustificantes-facturas dos gastos realizados e a acreditación do pagamento efectivo deles, segundo o previsto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos de nóminas ou que comporten ingresos á conta do IRPF ou cotas por seguros sociais de 2022 liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto, factura ou documento equivalente, en que se reflecta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade beneficiaria obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación con data límite na primeira quincena de febreiro de 2023.

#### **DÉCIMA: Incumprimentos, reintegros e sancións**

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Xuventude poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto



subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da actividade a subvencionar a través do convenio, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

### **DÉCIMO PRIMEIRA: Inexistencia de relación laboral**

A entidade Artefíos queda facultada para designar o persoal necesario para realizar as actividades que forman parte do programa.

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual ningunha entre a Consellería de Política Social e Xuventude e as persoas que realicen as actividades a subvencionar a través do dito convenio, de tal xeito que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

### **DECIMO SEGUNDA: Subcontratación**

Artefíos é a beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución parcial de actividades, ata unha porcentaxe do 70 por cento do importe total das actuacións financiadas a través deste convenio, de acordo co recollido na memoria económica. A autorización baséase na necesidade de execución externa das actividades programadas .

Artefíos no seu caso, comunicará, a subcontratación á Dirección Xeral con competencias en materia de Discapacidade da Consellería de Política Social e Xuventude. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

### **DÉCIMO TERCEIRA: Comisión de seguimento e control**

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Xuventude e dous representantes de Artefíos, designados



por cada unha das partes así como os seus suplentes.

A dita comisión será presidida por un dos representantes da administración, designado pola persoa titular da Dirección Xeral con competencias en materia de Discapacidade. A persoa que ocupe a secretaría, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral con competencias en materia de Discapacidade, designada pola persoa que asuma a Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### **DÉCIMO CUARTA: Vixencia**

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2022.

Non obstante, os gastos das accións englobadas no presente convenio que realízase o Artefíos dende o 1 de xaneiro de 2022 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Xuventude.

#### **DÉCIMO QUINTA: Transparencia e bo goberno**

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificación recollidas no presente instrumento de colaboración o Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.



## **DÉCIMO SEXTA: Información básica sobre protección de datos persoais**

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución del, e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento de concesión da subvención serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Xuventude coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da súa xestión.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Así mesmo, a entidade beneficiaria será responsable do tratamento dos datos e dos consentimentos das persoas interesadas de acordo co Regulamento xeral de protección de datos aos efectos da súa debida comunicación.



## DÉCIMO SÉTIMA: Réxime xurídico

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 40/2015, do 1 de outubro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexeráse polo establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Xuventude poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo de un mes se a resolución fose expresa. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes no lugar e data da súa sinatura dixital.

A conselleira de Política Social e Xuventude

A presidenta de Artefíos, Asociación para a Inclusión de Persoas con Discapacidade Intelectual

Fabiola García Martínez

Manuela Guillermina Rodríguez Rodríguez